



CORRECCIÓN DE ERROS DA RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DO 17 DE XUÑO DE 2020, POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DE PROXECTOS SELECCIONADOS, DESESTIMADOS E EXCLUÍDOS PARA O FONDO DE PROXECTOS CULTURAI S XACOBEO 2021 (FONDO X21) NA MODALIDADE: XACOBEO, TURISMO, XEOGRAFÍA, PAISAXE, GASTRONOMÍA, USOS E COSTUMES SOCIAIS

Na resolución indicada no encabezamento deste documento e que foi publicada na paxina web www.xunta.gal o 17 de xuño de 2020 aparece excluída do Fondo X21 a empresa que se identifica a continuación:

SOLICITANTE	OBXECTO / TÍTULO	CAUSAS DE EXCLUSIÓN	FORMATO
ANTAXURADA SL	“Tesouros vivos no Camiño de Inverno”: Edición audiovisual e difusión do patrimonio inmaterial na voz dos seus portadores	EXCLUÍDO por figurar dúas empresas na proposta (que xa existe como proxecto dunha delas).	DIXITAL

Logo de advertir un erro na citada resolución, cómpre corrixilo á vista de que a empresa Antaxurada, S.L. con NIF B-15984065 e Xandobela (nome comercial) son diferentes denominacións dunha mesma e única empresa, segundo a acta de manifestacións notarial con número de protocolo 2271 que figura no expediente.

Polo exposto, na data de publicación desta corrección de erros na paxina web: www.lingua.gal publicarase unha nova resolución co proxecto da empresa Antaxurada, S.L como seleccionado para emendar o erro cometido.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento

O secretario xeral de Política Lingüística
Valentín García Gómez

